

—Micromitos

## Pepa a Loba (II)

Antonio Reigosa

**C**riada na miseria, a nai morre nun parto tras ser violada polo pai. Facendo de pastora, coa axuda do seu can Lueiro, mata un lobo; de aí, o alcume. Acolida por un tío é acusada falsamente da súa morte polo que é encadeada.

Foxe da prisión e comeza unha vida foraxida. Faise capitá dunha banda de homes que asaltan, rouban e matan. Se atendemos ás ducias de lugares onde se fala dela, houbo anos do s. XIX que toda a terra era da Loba.

Concepción Arenal exercía como Visitadora de prisións na cadea da Galera da Coruña. Con data do 5 de xaneiro de 1864 remite unha carta ao seu amigo, o violinista Jesús de Monasterio. Descúlpase de non atendelo como merece e propónlle, non sen ironía, que se a quere visitar debe cometer un roubo en Asturias ou Galiza e "vendrá usted a esta Galera si cuida de disfrazarse y afeitarse, haciéndose un moño muy decente con su poblada cabellera. Le pondré a usted al lado de La Loba y parecerá usted una vestal".

Do paso de Pepa a Loba pola cadea da Galera da Coruña non hai máis. Tiren as súas propias conclusións.

## EN IMAXES



Biodiversidade do Deza

### AJUGA PYRAMIDALIS

A *Ajuga pyramidalis*, coñecida comunmente como corneta piramidal, é unha planta florecente que saca a flor entre os meses de abril e xullo, en prados solleiros de toda a Galiza e autóctona de toda Europa, aínda que non é unha especie abundosa.



La Diapa

## AVANTE TODA

O catedrático de Computación e Intelixencia Artificial da UDC, Alejandro Pazos.

Alejandro Pazos cre que os datos xeran confianza e, polo tanto, valor

## "As empresas que máis diñeiro gañan en bolsa son as que manexan datos e informacións"

A. Escuredo | Nós Diario

O catedrático de Computación e Intelixencia Artificial da Universidade da Coruña (UDC), Alejandro Pazos, vén de participar no debate "Big Data e Intelixencia Artificial: son os meus datos o novo petróleo?", organizado polo Centro de Visión por Computador (CVC), da Universitat Autònoma de Barcelona. En conversa con *Nós Diario* fala do crecente interese polos datos por parte de empresas e institucións.

### AVANTE POUCA

#### Cal é a razón de que os datos teñan tanto valor hoxe en día?

Vivimos na sociedade do coñecemento. Aquilo de máis valor pasou dos elementos tanxíbeis, como pode ser o ouro, ao propio coñecemento e a saber facer as cousas. Para poder obter coñecemento primeiro é preciso dispor de datos e informacións, agora mesmo o motor máis importante para facer avanzar a sociedade.

#### Como foi posíbel?

Actualmente as empresas que máis diñeiro gañan en bolsa son as que manexan datos e informacións, non traballan con petróleo ou silicio. Hoxe en día mesmo está a mudar o patrón das moedas. Antes tiñan o patrón ouro no sentido de que un país podía emitir tanto diñeiro en función de canto ouro tivese no seu tesouro nacional. Era a maneira de emitir os billetes ou as moedas que tiñan os países. Se

emitía de máis, a moeda desvalorizábase e, se emitía de menos, revalorizábase, mais sempre ligada á cantidade de ouro no banco de cada país. Hoxe xa non é así. As moedas están en función da confianza que hai en que se recuperen. De feito, xa temos circulando as criptomoeidas, que non teñen ningún patrón nin nada tanxíbel tras delas, hai a confianza de que alguén che vai pagar por telas. Ter datos é valioso hoxe por xerar confianza.

### AVANTE MEDIA

#### A sociedade é consciente desta situación?

Non somos conscientes e ademais regalamos moito deste material valioso. Facilitamos de forma consciente e inconsciente que alguén pode empregar para o seu beneficio propio e de forma allea aos nosos intereses e mesmo ser totalmente contrarios. Temos os nosos teléfonos motorizados continuamente. Emitimos sinais que indican onde estamos en cada instante. Grávannos nas rúas, cando accedemos a aeroportos ou estacións. Ademais damos os nosos datos a calquera sitio web que nosolos pide, subimos as nosas fotografías a calquera rede social, participamos en debates en redes sociais... e todo queda rexistrado. Cunhas ferramentas adecuadas, pódese estar proporcionando un coñecemento a determinadas empresas ou institucións que o poden empregar ao seu favor de moitas maneiras: influíndo na nosa intención de voto, como se demostrou non hai moito, ou polas compañías

de seguros para subir a nosa cota. Algo que en principio puido ser moi útil, como esa aplicación para detectar as persoas que tiveron Covid-19, nalgún momento se chegan eses datos a unha compañía de seguros, igual non quere asegurarche ou muda o prezo. As administracións teñen a obriga de defendernos, mais nós somos os principais responsables e os que podemos facer por preservar mellor a nosa intimidade.

### AVANTE TODA

#### Como está a lexislación neste tema?

A intelixencia artificial o que fai é analizar dunha maneira moi eficiente grandes cantidades de datos, o que se coñece como *big data*, en relacións que aínda nin sequera se sospeitan e sen o consentimento das persoas. Hai un borrador da Unión Europea que aínda non se levou ao Parlamento Europeo, onde se ten en conta esta situación.

#### Que oportunidades hai coa introdución da intelixencia artificial?

En calquera ámbito do sector produtivo estanse empregando técnicas de intelixencia artificial en datos de cara a facer diagnóstico, ben sexa industrial ou médico, por exemplo. Fanse predicións de acontecementos como poden ser os modelos que van desde a bolsa á curva da Covid-19 e foron bastante exactos os modelos matemáticos. Mais nos ferramentas e estamos moi lonxe de ter unha substitución da intelixencia artificial pola intelixencia natural.

ISSN 2695-558X



00346



9 772695 558005